

XORNADA DE PECHE DO PROGRAMA FEAG EMPREGANAV ONDE CCOO INDUSTRIA-GALICIA PARTICIPAMOS COMO ENTIDADE COLABORADORA.

A instancia da Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Promoción Económica, celébranse as Xornadas de peche do proxecto EMPREGANAV nas localidades de Ferrol e Vigo onde CCOO Industria Galicia participamos como entidade colaboradora.

Ferrol, 7 de novembro.- Nestas xornadas contarase **coa participación das persoas participantes** do proxecto que exporán a súa experiencia e como o proxecto repercutiu na mellora da súa empregabilidade. Ademais ás persoas participantes que asistan á xornada se lle **entregará un certificado personalizado** onde se plasmará toda a súa participación no marco do proxecto.

Entre agosto do 2020 e agosto do 2023, **a Xunta de Galicia**, a través da Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, **coa colaboración** das organizacións empresariais e sindicais, entre elas CCOO Industria-Galicia, **levaron a cabo as actividades correspondentes ao proxecto “empregaNAV”**, cofinanciado polo Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (FEAG).

O programa empregaNAV tivo como principal obxectivo crear recursos de fomento da inserción laboral especificamente orientados ás problemáticas das persoas que foron despedidas entre o 23 de maio de 2019 e o 23 de febreiro de 2020 no sector naval en Galicia, velando polo carácter personalizado destas, xa que o obxectivo último foi o de **asegurar a inserción do maior número de persoas posibles.**

As **Xornadas de peche do proxecto EMPREGANAV** terán lugar nas localidades onde residen a maioría das persoas participantes, en concreto:

➤ **10 novembro 2022. 18:30 h-20:00 h**

VIGO. Autoridade Portuaria de Vigo. Peirao de Transatlánticos. Edificio sesións.

➤ **23 novembro 2022. 18:30 h-20:00 h**

FERROL. Auditorio de la Delegación territorial de la Xunta de Galicia. Praza Amada García s/n 15403 Ferrol (Praza de España – ao lado da cafetería Avenida)

Co obxectivo de ampliar a información exposta, indicase enlace ao **programa detallado da xornada**.

➤ **Programa Xornada de Vigo** prema [aquí](#)

Inscríbete a través desta ligazón: <https://forms.gle/mDH5pXqQF3BAfugTA>

➤ **Programa Xornada de Ferro I** prema [aquí](#)

Inscríbete a través desta ligazón: <https://forms.gle/cmzEEXYK6n3oDtJGA>